

**Fragments extraídos de Romain Le Vern: «Le Coin Du Cinephile: Un Jour, Un Chat (Vojtěch Jasný).»**  
<http://lci.tf1.fr/cinema/news/le-coin-du-cinephile-un-jour-un-chat-vojtech-jasny-5013329.html>

Uns forasteiros misteriosos viaxan de cidade en cidade para desenmascarar aos miserentos e axudar aos xustos grazas ás cores do arco da vella. Un gato con anteollos negros revela o lado segredo dos habitantes agochado nas súas roupas cinguidas e as súas convencións simplonas. Tan pronto como quita as súas lentes de estrela do cinema, o mico fai estragos. Cando están fronte a el, as persoas vólvense violetas se son mentireiras; gris se son ladras; vermellas se están namoradas, amarelas se son infieis. Un vertixinoso conto filosófico a medio camiño entre a fantasía e a farsa. Un filme extraordinario, único, de impresionantes efectos visuais, capaz de cativar aos nosos corazóns.

É esta unha caste de filme dos que deberían ser contados baixo o modo «era unha vez». Normal, dado que se atopa dentro dunha zarabanda surrealista, coloreada, naif, utópica, aberta e pechada por un xograr que observa a cidade dese o alto da torre dun castelo onde guía aos turistas e presenta aos personaxes. Era unha vez, entón, que *Cando vén o gato* (*Až přijde kocour*, 1963), filme checoslovaco realizado por Vojtěch Jasný en 1963, producido pola empresa estatal Československý Film podería ter sido unha comedia musical. Unha comedia musical que utiliza o tecnicolor como Minelli pero sen impoñer cancións babecas. Jasný mantén só o ritmo, a escuma dunha melodía e o sabor das notas para que o espectador aprenda a gustar do esencial, a simplicidade dunha

música sublime (obra de Svatopluk Havelka) e chegue a desfacerse dos seus prexuízos máis superfluos. O arrecendo é o dunha comedia musical, mais non é o caso; é moito máis que iso, a todos os niveis.

Todas as secuencias en cor, como aquela na que Robert e Diane, vermellos ambos, perdidos nun soño debido real fan entrelazados campestres, ou as partidas de xadrez onde os vasos de viño reemprazan os peóns, son sublimes. Estas transportan literalmente ao espectador, cegado por tanta luz. No filme, esta revolución do espírito estimula a imaxinación dos rapaces que rexeitan converterse nos adultos covardes que lles impoñen a súa moral. Cara o final a escola, antes rexida por un director custodio da lei e a orde, devén nun lugar bohemio de creación onde a hipocrísia e a mentira son estigmatizadas. A imaxinación e os soños, pola súa banda, si son celebrados. Vojtěch Jasný que só uns poucos anos antes da rodaxe do filme descubriera a realidade soviética («isto non é socialismo, é unha mentira») ausculta a alma checoslovaca e o seu paciente compromiso enfermizo co réxime estalinista, continuando o que comezara nas súas primeiras obras de sona no panorama internacional como *Desexos*, de 1958. No cinema púidose ver o seu nacemento a comezos dos anos 50 como guionista e coautor con Karel Kachyňa en filmes como *Aínda está anubrado* (*Není stále zamračeno*, 1954) ou *Esta noite remata todo* (*Dnes večer vsechno skončí*, 1955); en 1957 dirixiu xa en solitario *Noites de setembro* (*Záříjové noci*, 1957) segundo a comedia de Pavel Kohout. *Cando vén o gato* (*Až přijde kocour*, 1963), que lle supuxo o premio especial do xurado no festival de Cannes, foi unha adaptación da obra *A procesión da Virxe* (*Procesí k Panence*, 1961) de Miloslav Stehlik, reescritura dun relato curto satírico do mesmo dramaturgo.

Nunca antes lograra o director unha calidade tan depurada, e nunca a volvería a acadar. O seu seguinte filme *Todos os meus compatriotas* (*Všichni dobří rodáci*, 1968) sería destrozado pola censura, o que provocará que os seus méritos sexan só parciais. Ese mesmo ano Jasný deixou o seu país natal para traballar nas televisións alemá e austríaca, volvendo finalmente ao cinema con *As opinións dun pallaso* (*Ansichten eines Clowns*, 1976), adaptación dunha novela de Heinrich Böll. As súas obras posteriores, por desgraza, non conseguiron recuperar o ton de *Cando vén o gato*. Consecuencia: Jasný acabará deixando Europa a metade dos anos 80 para instalarse nos Estados Unidos, onde realizou un filme infantil *A grande terra dos pequenos* (*The Great Land of Small*, 1987) e comezou a dar aulas na Universidade de Columbia. Tras a «revolución de veludo» regresou a Praga onde realizou a longametraxe *Por que Havel?* (*Why Havel?*) en 1991. «Fai falla ser crítico cun mesmo, procurar e dicir a verdade, ser sincero», repetía Jasný nas entrevistas da época. Así que imos ser sinceros con el: só polo emocionante espectáculo de *Cando vén o gato* debémolles un enorme agradecemento.

# UN GATO UN DÍA

## ROMAIN LE VERN

**Fragmento extraído de Peter Hames, The Czechoslovak New Wave. University of California Press, Berkley, 1985.**

Se ben Desexo (Touha, 1958) estableceu a Jasný como un autor importante dentro do cinema checoslovaco, non foi ata a chegada de *Cando vén o gato*, co-escrita por Jiří Brdečka, cando o director se fixo un nome no panorama internacional. A aproximación ao argumento foi feita de xeito alegórico e fantasioso, dándolle ao fotógrafo Jaroslav Kučera un excelente campo de traballo para algúns dos seus primeiros experimentos coa cor e outorgándolle a Jan Werich un papel protagonista. Di Jan Žalman:

«O peor dos males que detecta o gato a través das súas lentes é o froito dunha doutrina deshumanizada que, intentando establecer o monopolio da verdade, de feito acaba dándolle a esta un golpe mortal. A xente xa non é capaz de ver a través dese caos moral. Só o gato ten tal habilidade a través dos seus antollos capaces de colorear a toda a xente segundo a súa verdadeira natureza. É el o que desenmascara a Grande Mentira e axuda á xente a recuperar de novo o seu eu verdadeiro. Así, o uso da cor propio dun conto de fadas acaba sendo instrumento de crítica social.»

Asumindo a exactitude da aseveración de Žalman de *Cando vén o gato* como ataque sobre un monopolio falso e totalitario da verdade, e con isto do estalinismo, non é sorprendente que o filme fose prohibido. O mesmo lle pasou a Todos os meus bos compatriotas, tamén premio especial do xurado en Cannes e apropiada conclusión do traballo de Jasný en Checoslovaquia. Un tributo lírico ao mundo da súa mocidade, o filme pon en cuestión o custo dos cambios que carrega a revolución. Žalman descríbeo como seu traballo máis exhaustivo e ao mesmo tempo máis sincero, o que mellor transmitiu o sentir do seu interior máis recóndito; nel o cineasta expresou practicamente todo o que pensa e sente - e por riba de todo a súa fe no eterno rumbo da vida e a natureza que para el son as realidades máis tanxíbeis e obxectivas nas cales as certezas máis esenciais nacen, aman, traballan e morren. Eses motivos son tratados dun xeito moito máis lírico que filosófico, algo habitual nun Jasný que adoita a substituír a metafísica pola poesía.

## CINECLUBE DE COMPOSTELA

MAR  
2015

### ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)  
① [cineclubedecompostela.blogaliza.org](http://cineclubedecompostela.blogaliza.org)  
[facebook.com/cineclubedecompostela](https://www.facebook.com/cineclubedecompostela)  
@ [cineclubedecompostela@gmail.com](mailto:cineclubedecompostela@gmail.com)

### PROXECCIONS

Todos os mércores na  
Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21.  
Santiago de Compostela)  
Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

### 4 DE MARZO

*Audiencia pública*  
(Public Hearing,  
James N. Kienitz Wilkins,  
EUA, 2012, 110', VOSG)

### 18 DE MARZO

*Sempre hai un mañá*  
(There's Always Tomorrow,  
Douglas Sirk,  
EUA, 1956, 84', VOSG)

### 11 DE MARZO

*Pesadelo perfumado*  
(Mababangong bangungot,  
Kidlat Tahimik,  
Filipinas, 1977, 93', VOSG)

### 25 DE MARZO

*Cando vén o gato*  
(Až přijde kocour,  
Vojtěch Jasný,  
Checoslovaquia, 1963,  
91', VOSG)